

## A FACULTADE DE ECONOMÍA E EMPRESA DA UDC PROFUNDOU NA FORMACIÓN TRANSVERSAL DO ALUMNADO A TRAVÉS DE COLOQUIOS E CURSOS FORMATIVOS COMPLEMENTARIOS DURANTE O CURSO 2012-2013

A Facultade de Economía e Empresa a través do Plan de Acción Titorial (PAT) profundou durante o curso 2012-2013 coa formación transversal do seu alumnado. Para iso conta coa colaboración de docentes especializados pola súa carreira profesional ou formativa en diversas temáticas atractivas para o alumnado: procura activa de emprego, ferramentas informáticas, habilidades para a xestión de equipos de traballo, etc. Alén dos profesores, tamén colaboran neste proxecto antigos alumnos egresados da facultade que prestan gratuitamente o seu tempo e experiencia á hora de establecer contactos co alumnado actual da Facultade.

O PAT organizou diversos relatorios-coloquio e cursos formativos para os estudantes.

Os relatorios-coloquio, impartidos de maneira voluntaria e gratuíta por profesores e profesionais, versaron sobre diversas temáticas:

- "*Marxismo para non marxistas*", impartido polo profesor da FEE D. Julio Sequeiros.
- "*Pistas para a Mobilidade Internacional*", desenvolvido pola profesora Dña. Emma Iglesias.
- "*E ao rematar na FEE, podería... emprender*", coordinado por Francisco Ferreiro. Nesta actividade, algúns antigos alumnos da FEE que decidiron ser emprendedores e xestionar unha empresa compartiron a súa experiencia cos actuais estudantes: Marta Camiño de "Quórum Económico" empresa dedicada á consultoría-asesoría; Carlos González de "Qualisure", empresa tecnolóxica; e Javier Corrochano, de UNI, empresa do mundo da Mercadotecnia.
- "*E ao rematar na FEE, podería.... ser auditor*", coloquio con D. Daniel Fraga, profesor da FEE e Socio-Partner de KPMG España.
- "*E ao rematar na FEE, podería traballar en ...*", coordinado por Marta Fernández Redondo. Contouse coa participación de Telesforo Veiga Rial, CIO en Banco Pastor e a de Pablo Rodríguez-Losada, Director Comercial Corporativo en Grupo Intasa e ex-director de Área Inmobiliaria do Banco Pastor, ambos os dous antigos representantes de alumnos da facultade no curso 1992-93 e que compartiron a súa experiencia persoal no mercado laboral.

Así mesmo, os cursos formativos foron impartidos por diversos profesores dos departamentos da facultade e estiveron esencialmente orientados á inserción laboral:

1.- Recursos informáticos: EXCEL, POWER POINT, EVIEWS.

1.- "Como elaborar ou meu Curriculum Vitae" .

2.- "Como preparar unha entrevista de traballo -teórica-", onde se fixo unha presentación teórica dos elementos que cómpre coidar para preparar ben unha entrevista de traballo.

3.- "Como realizar unha entrevista de traballo-práctica-", obradoiro práctico onde se realizaron entevistas reais por Nuria Bregua Técnico de RRHH de Vegalsa-Eroski Coruña.